

### 1º - INSCRICIÓN

---

### 2º - CARACTERÍSTICAS E DIMENSIÓNS

---

### 3º - COMPOSICIÓN DO XURADO

---

### 4º - SISTEMA DE PUNTUACIÓN

---

### 5º - NORMATIVA

---

### 6º - PREMIOS

---

### 7º - OBSERVACIÓNS XERAIS

---

O obxectivo deste concurso é a elección do/a Drag do Entroido de Verán 2024 do Concello de Redondela, así como o segundo e terceiro premio, que terá lugar o sábado 24 de agosto de 2024. Poden inscribirse como Drag Queen, Drag King ou de estética andróxina e ambigua.

### 1º - INSCRICIÓN

---

1.1. – Poden participar neste concurso todas as persoas que previamente envíen a folla de inscrición oficial, en documento adxunto, xunto co resto da documentación solicitada a: [cultura@redondela.gal](mailto:cultura@redondela.gal). O prazo de inscrición será do 30 de Xullo ao 15 de Agosto de 2024.

1.2. - As persoas que participen na elección da/o Drag do Entroido de Verán 2024 deberán reunir as seguintes condicións e achegar os seguintes datos:

- Ter dezaoto (18) anos cumpridos antes da celebración do acto.
- Fotocopia do seu DNI ou pasaporte.
- A folla de inscrición debe estar cuberta na súa totalidade, coa información correcta e definitiva: participante, nome da fantasía e dos compoñentes (un máximo de 3) que acompañarán ao participante na coreografía.
- No momento da inscrición ou cinco días antes da Gala de elección, deberase presentar a base musical que acompañará o desfile do candidato en formato mp3 mediante correo electrónico, cunha calidade mínima de 192Kb e cunha duración máxima de 4 minutos.

O día da competición é obrigatorio levar unha copia do tema coa mesma calidade nun PEN que conteña exclusivamente o tema musical co que vai competir.

## **2º - CARACTERÍSTICAS E DIMENSIÓN**

---

- 2.1. – Os traxes dos e das aspirantes a Drag do Entroido de Verán do Concello de Redondela, en ningún caso poderán levar rodas ou calquera outro mecanismo que facilite o desprazamento. Estas limitacións non se terán en conta cando o candidato posúa mobilidade reducida, permitiéndose, neste caso, recorrer ao sistema de desprazamento que utilice na súa vida cotiá.
- 2.2. – As medidas non poderán superar as dimensións máximas de 2,5 metros de diámetro e 3 metros de altura. O xurado e a organización poderán comprobar as medidas antes da celebración da Gala, podendo facelo tamén en calquera momento durante o transcurso da mesma.
- 2.3. – Os elementos escénicos non poderán superar os 2,50 m de alto por 2,50 m de ancho e 2,50m de longo; nin dispor de motorización de calquera índole. Á súa vez, estes non poderán conter dispositivos con enerxía eléctrica propia, nin se permitirá a súa conexión á rede.
- 2.4 – Está totalmente prohibida a exhibición de calquera tipo de publicidade visual, tanto no conxunto da fantasía, do vestido, como polo participante e os seus acompañantes no escenario.
- 2.5 – A organización da Gala Drag do Entroido de Verán de Redondela resérvase o dereito de celebrar unha preselección se fose necesario, para elixir os participantes na Gala, co obxecto de velar pola calidade artística do acto. Amáis, resérvase o dereito de admitir ou rexeitar as/os participantes cuxo deseño, a xuízo da organización, non reúnan as características que o nivel e a calidade do concurso require ou sexan ofensivos contra persoas, colectivos, asociacións, etc.
- 2.6 – No caso de que resulte necesario, a organización poderá solicitar aos deseñadores a presentación dun bosquejo e memoria dos materiais do vestido presentado a concurso.
- 2.7 – A organización, vistas as solicitudes enviadas polas participantes, realizará o día 16 de Agosto de 2024 ás 20:00 no Multiúsos da Xunqueira o sorteo público para establecer a orde de actuación.

## **3º - COMPOSICIÓN DO XURADO**

---

- 3.1. – O xurado, composto por tres persoas, será designado pola organización do Entroido de Verán do Concello de Redondela.
- 3.2 – O xurado poderá realizar unha visita previa ás persoas participantes antes da saída ao escenario, onde visualizará e terá un primeiro contacto coas fantasías, sen a presenza dos axudantes.

## **4º - SISTEMA DE PUNTUACIÓN**

---

- 4.1. – O xurado terá en conta, á hora de puntuar, os seguintes aspectos: Creatividade, orixinalidade, elaboración do vestuario, interpretación e posta en escena. Estes aspectos serán avaliados nunha puntuación do 1 ao 10, que se realizará unha vez finalizada a interpretación dos participantes.
- 4.2. – O xurado deberá conceder, inescusablemente, un só título de Drag do Entroido de Verán de Redondela, así como un segundo e un terceiro premio. No caso de empate, o xurado procederá ao desempate escrutando entre os participantes empatados o que teña recibido as notas máis altas pola maioría do xurado, proclamando a éste vencedor do concurso.
- 4.3. – En todo caso o veredicto do xurado será definitivo e os competidores aceptarán as decisións dos xuíces e do comité organizador como fi nais e inapelables. Están totalmente prohibidas as expresións de desagrado cara aos xuíces, organizadores, público e/ou calquera persoa ou entidade relacionada co certame, por parte dos participantes, preparadores e/ou familiares dos mesmos.

4.4 - A votación e as decisións do xurado son inapelables. Unha vez entregada a votación dos xuíces, os participantes non poderán solicitar explicación ningunha, sobre os resultados.

### 5º - NORMATIVA

---

Queda totalmente prohibida a utilización de elementos escénicos como pirotecnia escénica ou aérea, animais, a utilización de lume, fachos, peveteiros ou outros soportes; confetis, serpentinas en papel ou spray ou calquera outro material que incida na seguridade dos participantes no espectáculo, sen a autorización previa da organización.

### 6º - PREMIOS

---

Os premios establecidos pola organización da Gala Drag do Entroido de Verán de Redondela, son os seguintes:

Primeiro PREMIO: DRAG do Entroido de Verán de Redondela: 1.000€

Segundo PREMIO: 500€

Terceiro PREMIO: 300€

O importe dos premios recibirao o/a participante directamente do patrocinador.

### 7º - OBSERVACIÓNS XERAIS

---

7.1. – A hora de comezo do certame establécese ás 21:30 h. A organización convocará ás e aos participantes unha hora antes do comezo da Gala.

7.2. – Calquera outro aspecto da organización e/ou competición que non estea recollido nos apartados anteriores será resolto pola organización.

7.3. – O Concello de Redondela resérvase o dereito de modificar, se fora necesario, o desenvolvemento, lugar, data e hora do acto.

7.4. – En caso de non chegar a un número mínimo de participantes, a organización resérvase o dereito á cancelación do concurso.

7.5. - O incumprimento de calquera dos apartados das presentes bases, leva implícita a perda dos premios e os títulos que lle puideran corresponder.

7.6. – Todos os participantes, unha vez inscritos na competición e polo feito de competir, aceptan a totalidade das bases do presente regulamento, e autorizan á organización a utilizar a súa imaxe, para promocións do evento.

Todas as imaxes da competición son propiedade exclusiva do CONCELLO DE REDONDELA.